

NOME: O Leixaprén

REFERENCIA: 00009

NÚMERO PARTICIPANTES: 3 por taboleiro

IDADES: 12+

ESPAZO

Sen máis requirimentos especiais ca un pouco de comodidade.

MATERIAIS

Taboleiro con código de cores

Versos soltos

DURACIÓN (TEMPOS APROXIMADOS)

15´

5´ Introducción

8´ Compor cantigas

2´ Presentar composicións

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

DESCRINCIÓN

Unha mancha de versos debe ser ordenada de maneira que compoña unha serie de estrofas ao xeito dos leixapréns galaico-portugueses medievais. Unha invención galaica que triunfou na época en que toda a península Ibérica lle cantaba ao amor en lingua galega... e a lingua inglesa non nacera aínda...

Para isto primeiro explícase o que é un leixaprén (*deixa e colle*). Logo proporciónanse versos e un taboleiro con código de cores para situar os versos segundo corresponda.

Esta actividade pode ser moi útil como final dun grande xogo ou busca do tesouro...

CONTIDOS EDUCATIVOS

Permite achegarse amigablemente á literatura medieval e á historia da lingua.

Permite xogar coa poesía e coñecer o leixaprén

Permite poñer textos de poetas de onte e de hoxe na voz da xente.

PRETEXTO CONTEXTO

“O **leixaprén** (*deixa e colle*) é un recurso paralelístico que empregaban os trobeiros medievais ao compor cantigas. É como un crebacabezas ou peza de relojería, que con moi poucos versos logra longos e musicais cantares, doados de recordar.

En cada estrofa hai: dous versos que riman entre si e mais un retrouso que vai por libre.

As estrofas van aos pares, cada par **di o mesmo**, pero **rima de maneira distinta**.

Mínimo son 4 estrofas, nas que se repiten pares de versos A e A', B e B', C e C'... que son pares de versos que **significan o mesmo** pero **riman de xeito diferente**.

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

MATERIAL ANEXO

Velaquí unha cantiga *in modo antico* de Filgueira Valverde, e mais un leixaprén de Nuno Treez, en quen aquel se inspirara.

Leixaprén de Filgueira Valverde:	
Un cantar antigo,	A
por amor amigo,	B
no Santo do Mar.	Retrouso .
Un cantar lonxano	A'
por amor amado	B'
no Santo do Mar.	Retrouso .
Por amor amigo,	B
das ondas traído	C
ó Santo do Mar.	Retrouso .
Por amor amado,	B'
das ondas levado	C'
ó Santo do Mar.	Retrouso .
Leixaprén de Nuno Treez:	
San Clemenço do mar,	A
se me del non vingar,	B

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net



non durmirei.	Retrouso .
San Clemenço, senhor,	A'
se vingada non fôr,	B'
non durmirei.	Retrouso .
Se me del non vingar,	B
do falso e desleal,	C
non durmirei.	Retrouso .
Se vingada non fôr	B'
do falso e traidor,	C'
non durmirei	Retrouso .

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net